

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de cinco prazas de limpador/a (estabilización), laboral fixo-descontinuo, nomeamento dos membros do tribunal e data da primeira sesión do tribunal

ANUNCIO

Mediante decreto da alcaldía 465/2024, do 13 de novembro de 2024, **RESOLVEUSE:**

PRIMEIRO.- aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de cinco prazas de limpador/a (grupo V do persoal laboral fixo-descontinuo) como segue:

Relación definitiva de persoas admitidas:

INTERESADOS	DNI	EXENTO GALEGO
González Bello, Verónica	***0429**	SI
Eiris Villamisar, M ^a Sol	***8252**	SI
Sánchez Lozano, M ^a del Carmen	***4584**	NON
Calvo Candal, Estrella	***4678**	NON
Gómez Varela, M ^a Jesús	***4648**	SI
Loureiro Barbeito, M ^a del Carmen	***9427**	SI

Relación definitiva de persoas excluídas:

Ningún/ha

SEGUNDO.- Nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo coa seguinte composición, o cal debe facerse público aos efectos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

Presidenta	Titular: D ^a Sonia Campos Ares, técnica de Administración Xeral do Concello de Carral. Suplente: D ^a Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.
Secretaria	Titular: D ^a Rebeca Vázquez Vázquez, secretaria do Concello de Carral. Suplente: D ^a Silvia Aramburo Vázquez, tesoureira do Concello de Carral-Bergondo-Abegondo.
Vogais	Titulares: Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda. D ^o Iván García García, conserxe do Concello de Carral. D ^a M ^a Dolores Pinilla López, auxiliar administrativa do Concello de Carral. Suplentes: D ^a M ^a del Carmen Rodríguez Rodríguez, auxiliar administrativa do Concello de Carral. D ^o Luís Miguel Méndez Oro, auxiliar técnico de obras do Concello de Carral. D ^o Manuel Ares Barbeito, conserxe do Concello de Carral.

TERCEIRO.- Fixar para o vindeiro 18 de novembro de 2024, ás 11:30 horas, no salón de plenos da Casa do Concello de Carral, a primeira sesión do tribunal cualificador (constitución). A continuación procederáse á valoración da fase de concurso. A persoa proposta para a obtención da praza que non posúa o título acreditativo de galego correspondente ao Celga 2 será convocada a través de anuncio publicado na sede electrónica do Concello de Carral para a realización da mesma. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo e a seguinte coa puntuación de méritos máis alta será proposta para a obtención da praza.

CUARTO.- Publicar a parte resolutiva deste decreto no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carral sito na páxina web.

QUINTO.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a alcaldía no prazo dun mes ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso-administrativo no prazo de dous meses, en ambos casos o prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no boletín oficial da

provincia. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos/ás aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpran algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

Carral, 13 de novembro de 2024

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/8087